

PON EN PRÁCTICA

2. A imaxe mostra o primeiro congreso de organizacións obreiras españolas, realizado en Barcelona en 1870.

Responde as seguintes cuestións:

- Cales eran os obxectivos do movemento obreiro na España do século XIX?
- Que caracterizaba as distintas tendencias do movemento obreiro?

3. Realiza unha procura en Internet ou nalgún libro de historia e responde estas cuestións:

- Cales eran os fins da Asociación Internacional de Traballadores?
- Coñeces algún sindicato que siga desenvolvendo o seu labor na actualidade? Cales son os seus obxectivos?



EMPRENDE

Formade grupos e deseñade unha enquisa na que aparezan as cuestións que se enumeran deseguido. Logo pedide, como mínimo, a cinco persoas adultas do voso contorno que respondan a vosa enquisa e poñede en común a información que solicitedes. Anotade en que se parecen e en que se diferencian as respostas dadas a cada un dos membros do grupo:

- Que diferenza hai entre unha monarquía absoluta e unha monarquía constitucional? Que vantaxes e inconvenientes pode haber en cada sistema?
- Que diferenza existe entre monarquía e república?
- Cales son as funcións do Parlamento? Como se elixe?

REFLEXIONA

Diario de aprendizaxe

- A que cres que se debe a diversidade de formas de goberno que se sucederon ao longo do século XIX en España?
- Cales consideras que foron os logros máis importantes da sociedade española neste século?